

RECOMENDACIÓNS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CORPORACIÓN RTVG) SOBRE O TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA

ÍNDICE

Antecedentes xerais
Antecedentes normativos
Limiar

- 1ª Consideracións previas sobre a violencia machista
- 2ª Terminoloxía
- 3ª Non presentación das agresións como situacións illadas
- 4ª Necesidade de descartar as declaracións e os termos que xustifiquen os feitos violentos
- 5ª Cualificación do presunto ou suposto agresor ata que non haxa unha sentenza firme
- 6ª Establecemento do delito en sentenza firme
- 7ª Mención á vítima na información
- 8ª Recursos e linguaxe
- 9ª Urxencia e verificación
- 10ª Diferenciación dos casos e arquivo
- 11ª Dramatismo, sensacionalismo e morbo
- 12ª As fontes
- 13ª Estereotipos
- 14ª Estatísticas e datos complementarios
- 15ª Radicación das novas sobre malos tratos nas escaletas
- 16ª Información útil
- 17ª Investigación
- 18ª Contraste das novas
- 19ª Denuncias e ordes de afastamento
- 20ª Servizo público
- 21ª Continuidade e seguimento dos casos
- 22ª Consecuencias penais
- 23ª Recomendacións específicas sobre as imaxes
- 24ª Montaxe das novas
- 25ª Antecedentes
- 26ª Diferenciación entre agresor e vítima
- 27ª Menores
- 28ª O agresor
- 29ª Comunicacións das consecuencias penais
- 30ª Rexeitamento social
- 31ª Información sobre como detectar condutas de malos tratos
- 32ª Necesidade de crear empatía coas vítimas
- 33ª Resiliencia
- 34ª Sen paternalismos
- 35ª Reconstrucións
- 36ª Contidos informativos periódicos
- 37ª Outras accións complementarias
- 38ª Síndrome de alienación parental
- 39ª Centros e casas de acollida para a protección das mulleres
- 40ª Rectificación de informacións inexactas
- 41ª Rexeitamento do denominado infoespectáculo nos programas distintos dos puramente informativos

ANTECEDENTES XERAIS

A igualdade está garantida pola Constitución e é un dereito fundamental que se consagra nos principais tratados internacionais de dereitos humanos: dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos ata a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (1979), os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas (Axenda 2030) e o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (tamén coñecido como Convenio de Istambul ou Convención de Istambul, ratificado por España en 2014).

O artigo 14 da Constitución complétase cunha normativa específica, nomeadamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Non hai que esquecer que a violencia machista é unha forma extrema de desigualdade e discriminación das mulleres, como sinalou, entre outras instancias, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Dende a década dos anos 70 do pasado século, os órganos internacionais evidenciaron que os instrumentos xerais de dereitos humanos non abundaban para protexer os dereitos das mulleres. O motivo: ademais das vulneracións de dereitos comúns entre mulleres e homes, sufrían formas específicas de violencia polo simple feito de seren mulleres (infanticidios femininos, mutilación xenital, matrimonios forzados de nenas, queima de viúvas, violencia sexual, violencia machista, trata de mulleres con fins de explotación sexual...).

Os medios de comunicación están obrigados constitucionalmente a informar á cidadanía con veracidade e, ademais, deben prestar un servizo público que contribúa a construír unha sociedade mellor, máis xusta, máis igualitaria e máis concienciada fronte á violencia de xénero, a discriminación e calquera vulneración de dereitos.

Por canto antecede, a violencia machista ten que saír definitivamente da sección de sucesos dos medios de comunicación para abordarse como o que é: un problema público, unha problemática social. Se ben cada vez é maior a sensibilización dos medios de comunicación, cómpre non perder de vista a urxencia de ofrecer unha comunicación rigorosa, responsable e respectuosa coas mulleres que sofren a violencia machista e coas persoas da súa contorna. É máis, é necesario abordar as múltiples desigualdades e discriminacións que sofren as mulleres polo feito de selo, dende as máis graves ata as máis sutís e difíciles de detectar. Porque a violencia machista supón un conxunto de formas de violencia, unhas visibles e outras menos visibles. Un acto desta natureza que ocasiona a morte dunha muller é, polo xeral, o punto crítico dun proceso prolongado de crecente violencia na súa relación cun home.

A violencia machista non é exclusivamente unha agresión nun momento determinado: é un proceso complexo cun cúmulo de fases, das cales a agresión é o extremo. É estrutural.

A magnitude da violencia e da discriminación múltiple que padecen as mulleres obriga aos medios de comunicación a dedicar amplos espazos a contar esta realidade, a dar conta dos avances que se produciron nesta loita, así como das ferramentas e dos recursos de que dispoñen as vítimas para saír desa espiral, en todos os casos a través dunha comunicación que evite os enfoques sensacionalistas, morbosos, nesgados, estereotipados ou sexistas.

O compromiso dos medios de comunicación, máxime o dos públicos, debe ser firme e os seus enfoques veraces deben axudar a avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria.

ANTECEDENTES NORMATIVOS

- Artigos 1 e 14 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

Artigo 1. Obxecto da lei

1. *Esta lei ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre elas por parte de quen sexan ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.*

...

3. *A violencia de xénero a que se refire esta lei abrangue todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.*

4. *A violencia de xénero a que se refire esta lei tamén comprende a violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou achegados menores de idade por parte das persoas indicadas no apartado primeiro.*

Artigo 14.

Os medios de comunicación fomentarán a protección e salvagarda da igualdade entre home e muller, evitando toda discriminación entre eles.

A difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garantirá, coa correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e dignidade das mulleres vítimas de violencia e dos seus fillos. En particular, terase especial coidado no tratamento gráfico das informacións.

- Artigo 1 (Obxecto) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

1. *Constitúe o obxecto desta lei a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.*

2. *Para os efectos desta lei, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.*

Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

- Artigo 3 (Formas de violencia de xénero) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

Para os efectos desta lei, considéranse formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

a) *Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.*

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

b) *Violencia psicolóxica, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.*

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

c) *Violencia económica, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.*

d) *Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.*

e) *Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.*

f) *O tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, calquera que fose a relación que una a vítima co agresor e o medio utilizado.*

g) *O homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.*

h) *Violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima.*

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra as mulleres os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico.

Exceptúanse as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade.

i) *Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.*

- Artigo 9 (Tratamento da información) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

1. *A Xunta de Galicia, a través dos departamentos competentes no ámbito da comunicación, garantirá que os medios de comunicación de titularidade pública, nomeadamente a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e aqueles outros nos que participe ou que financie, non emitan na súa programación imaxes ou contidos que resulten contrarios á finalidade e ao espírito desta lei e da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, tendo especial coidado no tratamento gráfico da información.*
2. *Igualmente, a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero, e promoverá que cando se difundan novas relativas á violencia de xénero se agreguen pautas informativas dos recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia e que garden relación co feito difundido. Así mesmo, promoverase que as informacións relativas á violencia sobre a muller velen polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos.*
3. *O departamento competente en materia de igualdade elaborará e difundirá un manual de estilo dirixido a que as e os profesionais dos medios de comunicación impriman o tratamento mediático axeitado ás informacións relacionadas coa violencia de xénero. A Compañía de Radio-Televisión de Galicia asumirá como propio o citado manual de estilo.*

- Artigo 4.1 (Principios inspiradores e alcance) da Le 9/2011, do 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia:

A actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG inspirarase nos seguintes principios:

...

- f) *A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.*

- Mandato marco da Corporación RTVG:

Artigo 9. Limitacións nos contidos

A Corporación RTVG non incluírá na súa programación contidos que... inciten... á violencia en calquera ámbito, especialmente a de xénero, así como aos comportamentos machistas, xenófobos, racistas ou homófobos... A corporación terá especial coidado no tratamento de contidos que afecten as vítimas da violencia... ou de acontecementos lutosos, co fin de impedir que a dor das persoas poida converterse en obxecto de padecemento ou espectáculo.

Artigo 22. Programación informativa

... A Corporación RTVG será especialmente rigorosa co tratamento... de todo tipo de violencia nos seus informativos...

- Criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG, que este órgano aprobou, por unanimidade, no pleno ordinario do 25.04.2018:

Artigo 6. Principios inspiradores e alcance

A actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG inspirarase nos seguintes principios:

- a) *...Os medios públicos de comunicación galegos deben contribuír a fomentar a participación democrática, o respecto cara a todas as persoas e colectivos cidadáns e a defensa dos valores cívicos da convivencia, cun rexeitamento activo de todo tipo de violencia.*

...

f) ...As informacións relacionadas coa violencia contra as mulleres recibirán un tratamento serio e rigoroso e serán especialmente coidadosas no respecto á dignidade das persoas agredidas e da súa contorna, evitándose o sensacionalismo informativo e fuxindo tanto das especulacións informativas coma da vulneración de dereitos fundamentais.

A Corporación RTVG será especialmente combativa contra a violencia machista, entendéndoo como unha violación dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas. En todas as accións vinculadas con esta cuestión non só se velará pola igualdade de xéneros, senón que se contribuirá a prever e erradicar calquera tipo de violencia machista.

Na comunicación audiovisual tampouco se poderá incitar ao odio ou á discriminación por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 7 (Obxectivos programáticos xerais), apartado 2:

En concreto, entre os seus obxectivos programáticos, a Corporación RTVG deberá fomentar e potenciar os seguintes valores: ... b) A concienciación social contra a violencia machista.

Artigo 12 (Limitacións nos contidos), apartado 3:

Así mesmo, terá especial coidado no tratamento de contidos que afecten as vítimas da violencia,... ou de acontecementos lutosos, co fin de impedir que a dor das persoas se poida converter en obxecto de padecemento ou espectáculo ou que se poida incrementar o seu sufrimento.

Artigo 15 (Protección dos dereitos dos menores), apartado 3:

A Corporación RTVG non emitirá contidos audiovisuais que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores, e, en particular, a daqueles programas que inclúan escenas de... maltrato ou violencia machista.

Artigo 17 (Programación informativa), apartado 2:

Será singularmente rigorosa co tratamento das situacións de conflito e de todo tipo de violencia nos seus informativos, con especial respecto e atención á sensibilidade das vítimas.

- Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual:

Artigo 10.1 Medidas de prevención no ámbito dixital e da comunicación

Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán, respectando en todo caso a liberdade de expresión, a independencia e a libre prestación de servizos, as seguintes medidas que contribúan a previr as violencias sexuais no ámbito das novas tecnoloxías da información e a comunicación, incluíndo a apoloxía destas condutas:

- a) Acordos con prestadores de servizos da sociedade da información establecidos en España para que participen na elaboración e na aplicación de plans e medidas de prevención e sensibilización no ámbito dixital, e fomenten boas prácticas en relación co tratamento dos casos.
- b) Formación do persoal dos medios de comunicación co fin de capacitalo para informar sobre as violencias sexuais con obxectividade, sen estereotipos de xénero, con pleno respecto á dignidade das vítimas e o seu dereito á liberdade, o honor, a intimidade, a propia imaxe e a protección de datos.
- c) A adopción de acordos de autorregulación que, contando con mecanismos de control preventivo e de resolución extraxudicial de controversias, contribúan á prevención das violencias sexuais e á sensibilización do persoal dos medios de comunicación sobre o tema.

Polo tanto, é extensa a normativa e as declaracións institucionais que proclaman a igualdade de todos os individuos e a necesidade dun correcto tratamento informativo da violencia machista, de modo que o discurso mediático debe axustarse a tales mandatos.

A violencia que padecen as mulleres estivo inmersa na cultura ao longo dos séculos. Tivo e ten lugar en todas as formas sociais e en todas as escalas económicas e culturais. A violencia machista é produto dunha cultura de dominación masculina e non atopa a súa causa na situación sociocultural ou nas circunstancias persoais das implicadas e dos implicados. É un fenómeno universal e estrutural.

Non é un problema doméstico, local ou político, senón social e global de vulneración dos dereitos humanos. Constitúe un atentado contra o dereito á vida e contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas.

O machismo, como termo que historicamente revela un abuso de poder, atenta contra o principio de igualdade, contra a dignidade da muller e, en demasiados casos, contra o dereito á vida. Pero hai máis: subsume a sociedade que o xustifica, que o encobre ou que o padece nun estado de regresión absolutamente inconcibible.

A violencia machista é un gravísimo problema que non decrece. A súa superación só virá da man da erradicación das discriminacións por razón de sexo a través dunha implicación activa de toda a sociedade e dunha política de tolerancia cero.

Neste contexto, os medios de comunicación teñen un papel clave, na medida en que son importantes axentes socializadores e de transmisión de valores na sociedade, así como determinantes na conformación dunha opinión pública que debe camiñar cara a unha sociedade máis igualitaria. Todos os medios de comunicación, especialmente os públicos, deben exercer a súa influencia para difundir valores educativos e culturais non sexistas. É necesario que lle proporcionen á cidadanía algo máis aló do simple coñecemento dos feitos: están obrigados a achegar elementos que promovan a erradicación da violencia machista e deben ser un instrumento para:

- Denunciar as agresións
- Facilitar que as vítimas poidan superar a súa situación
- Concienciar a sociedade de que se trata dun problema social do que todos e todas somos partícipes
- Converterse en difusores de mecanismos que axuden a erradicar esta problemática

A linguaxe crea a realidade e prefigura o pensamento. O que non se menciona, non existe, pero o que se menciona seguindo o ditado patriarcal propicia un imaxinario e perpetúa uns estereotipos que, lonxe de normalizar as relacións en igualdade, afasta a liberdade, os dereitos e o respecto entre as persoas.

Nese senso, non se pode desdeñar a idea de que a mensaxe e o modo de transmitila proporcionan moito máis que a pura e simple información pretendida. Como subliñou durante anos a socioloxía da comunicación, ese obxecto informativo leva implícito unha maneira de interpretar a realidade, pero tamén leva aparellada un modo de forxala, de modelala, de construíla. En definitiva, de facer cultura.

Por iso, na loita contra a violencia machista debémonos implicar todas e todos. Así, as e os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, conscientes e especialmente sensibilizados co problema, consideran que:

- A Corporación RTVG débelle prestar unha atención preferente a todos os contidos relacionados coa violencia contra as mulleres e promover un compromiso activo en contra da discriminación da muller e da violencia machista, evitando a transmisión de mensaxes que poidan contribuír a crear na sociedade sensación de impunidade ante estes delitos.
- As informacións vinculadas directa ou indirectamente con este asunto deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso, no que prime o respecto extremo ás vítimas.

Cando abordan calquera temática, a forma en que os medios constrúen o imaxinario social sobre as mulleres inflúe no xeito en que as sitúa a sociedade e na credibilidade que lles outorga, tamén en relación coa violencia machista. Polo tanto, o compromiso para contribuír a erradicar a violencia contra as mulleres implica asumir un tratamento libre de estereotipos.

Dende o máximo respecto ao criterio periodístico e á responsabilidade dos e das xornalistas á hora de abordar as violencias machistas, esta recompilación de consellos e boas prácticas ten como obxecto evitar que os medios dependentes da Corporación RTVG poidan caer en enfoques estereotipados ou sexistas afastados da necesaria comunicación con perspectiva de xénero.

E é que, como medio de comunicación público, temos un compromiso engadido co cumprimento dunhas pautas que, a xuízo de especialistas, poden contribuír a erradicar a violencia contra as mulleres e a xerar un rexeitamento cara a calquera comportamento machista.

O Consello de Administración da Corporación RTVG parte da base de que as novas relacionadas coa violencia machista non son sucesos e de que o seu tratamento responde non só á idea de informar sobre un feito relevante, senón tamén á clara vontade de contribuír para acabar cun grave problema social. De aí que o interese informativo dunha agresión contra a integridade física, psíquica ou moral das persoas subxugadas, neste caso a muller, deba estar revestido de lóxicas cautelas e de que a redacción e a difusión dos feitos teñan unha consideración distinta das novas de sucesos.

Con estas recomendacións búscase proporcionar unha ferramenta que pretende servir de documento de apoio para introducir o enfoque de xénero nas accións de comunicación, especialmente na cobertura xornalística dos casos de violencia machista. Un mellor tratamento mediático, informando con perspectiva de xénero, implicará unha maior e máis adecuada concienciación social do problema.

Combater a discriminación e a violencia machista require do concurso de toda a sociedade, pero os medios de comunicación teñen un papel moi destacado, xa que non se pode obviar que participan activamente na conformación do cambio social. Na súa condición de axentes informadores, pero tamén de educadores e socializadores, poden contribuír a fortalecer o sistema de prevención e protección das vítimas de violencia machista e a impulsar a concienciación social sobre a gravidade do problema. En definitiva, as persoas que traballan nos medios de comunicación son fonte esencial das representacións da sociedade, polo que o apoio ao seu labor diario e a súa implicación positiva resultan cruciais.

Polo tanto, respectando sempre o dereito das e dos profesionais a exercer o seu traballo de forma independente, e tendo en conta que o principio básico do xornalismo é a procura da verdade dos feitos, queremos formular as seguintes recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios públicos de comunicación dependentes da Corporación RTVG, recomendacións que se vertebran nas seguintes claves:

- Primeira: a violencia machista non é un suceso
- Segunda: o morbo non é noticia, nin información
- Terceira: o rigor é imprescindible
- Cuarta: as informacións deben servir para denunciar autores, encubridores e persoas que xustifican e desculpan a violencia machista
- Quinta: a igualdade, a liberdade e a integridade das persoas son valores irrenunciabes e cualificadamente protexidos

No caso do entretemento, sendo conscientes de que unha sociedade adulta como a nosa distingue de forma clara os formatos de realidade e os de ficción, tamén é preciso que a responsabilidade dos medios de comunicación na eliminación do machismo, nomeadamente dos públicos, non se circunscriba unicamente á sección de informativos. Os programas de entretemento, a publicidade, a programación infantil... son parte inescusable no seu deber transversal de traballar para construír unha sociedade mellor e máis xusta.

1ª CONSIDERACIÓNS PREVIAS SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA

- Non é un suceso. Non é un feito puntual nin illado. Afecta a unha alta porcentaxe de mulleres. É un fenómeno estrutural, unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes.
- Identifícase en todos os países do mundo, independentemente do seu nivel de desenvolvemento.
- Prodúcese en todos os estratos sociais e grupos étnicos, con diferentes niveis culturais, capacidade adquisitiva, formación académica, país de orixe, profesión, idade...
- O número de denuncias falsas por violencia machista é insignificante. Cómpre eliminar calquera posibilidade de alimentar este falso mito para cuestionar ou pór en dúbida a credibilidade das mulleres. Por outra banda, é conveniente saber que existen os casos de denuncias cruzadas (cando o agresor denuncia simultaneamente a muller que o denunciou a el) como estratexia para demorar os procedementos xudiciais e desacreditar as mulleres vítimas.
- A idea de que as mulleres denuncian falsamente para obter un beneficio ou unha vantaxe nas separacións está sobradamente desmentida polos datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- O que induce a un home a exercer a violencia machista non é nin unha enfermidade mental, nin o alcohol nin as drogas. Son persoas que actúan dende as crenzas e as relacións de poder dunha cultura machista. O consumo de drogas ou alcol, o carácter violento ou celoso, a depresión, o desemprego ou a angustia que provocan os problemas económicos non son a causa das agresións, nin teñen que servir de atenuante ou xustificación no relato. É importante deixar claro que a causa da violencia contra as mulleres é o machismo e que os primeiros responsables e culpables das agresións son os que agriden, así como que ningunha das circunstancias que se sinalaron é unha causa.
- Os celos, as discusións, os desenganos amorosos ou o divorcio (entre outros) tampouco son causas da violencia machista, aínda que poden ser detonantes. Se se amosan estes factores como causas, pódense utilizar para escusar ou xustificar erroneamente ao maltratador pola acción violenta. Agóchase a causa radical, de raíz: as relacións de poder establecidas polo machismo en virtude das cales o agresor cre que pode controlar e exercer unha dominación sobre as mulleres.

Cando se destacan algúns dos anteditos aspectos como factores causais, contribúese a crear unha opinión pública benévola co agresor, favorécese a idea de que o agresor actuou motivado pola vítima e perpetúase o sistema patriarcal. Buscar explicacións banais ou sen rigor é unha práctica contraria ao xornalismo.

- Non hai un perfil de mulleres vítimas da violencia machista. Entre as vítimas hai mulleres que poderían responder a unha infinidade de tipoloxías, características e talantes. E o mesmo ocorre cos agresores.
- Non é un crime pasional. A violencia non se pode edulcorar apelando aos sentimentos ou aos afectos.
- Abandonar unha relación de maltrato é moi difícil e complexo. Intervenien moitos factores, tanto sociais como psicolóxicos, económicos, de illamento... que cómpre evidenciar nas novas para que non se subestime a violencia.

- Non hai nada que poida xustificar un maltrato.
- É un feito que excede o ámbito privado, xa que se trata dunha vulneración dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas, especialmente das mulleres. Polo tanto, constitúe un problema social que contradí os dereitos á vida e á integridade física e psíquica.
- Non é exclusivamente unha agresión. É un proceso cun cúmulo de fases das cales a agresión e a cúspide, xa que os malos tratos teñen un carácter instrumental. É un mecanismo de control froito de concibir a relación cunha muller en posición de subordinación. Polo xeral, a violencia machista constitúe un conxunto de feitos violentos de intensidade crecente.

Ao abeiro do que se expuxo, non se debería reducir a comunicación ao acto violento en si, senón que é mester analizar o feito no seu contexto e realizar o pertinente seguimento (non hai que prestar atención unicamente ao que sucedeu nas últimas horas). A cobertura incompleta da violencia machista alenta a impunidade a prol dos agresores e conduce a unha nova vitimización das mulleres agredidas.

2ª TERMINOLOXÍA

Recoméndase a utilización dos seguintes termos:

- Violencia machista: define mellor os motivos que desencadean as agresións deste tipo. Evidencia a relación histórica de dominio do home sobre a muller.

Sínálase esta fórmula como terminoloxía máis precisa, xa que:

- Abrangue toda a complexidade do marco conceptual que se aborda nestas recomendacións
- Fai referencia á cultura na que está a orixe da violencia dos homes cara ás mulleres polo simple feito de seren mulleres.
- Violencia contra as mulleres: a violencia contra as mulleres abrangue a violencia física, psicolóxica e sexual.

Pódese utilizar como un recurso para evitar as repeticións e, polo tanto, como un sinónimo das anteriores opcións. A diferenza é que aquí se fai énfase en quen son as vítimas e se omite quen é o agresor.

- Violencia de xénero: todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade, segundo a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (artigo 1.3).

É unha denominación amplamente aceptada e utilizada. Fai referencia ao feito de que a causa da violencia está nas relacións de xénero, pero faino dunha forma máis xeral, sen destacar aquilo que si se resalta na violencia machista (relación de dominación dos homes sobre as mulleres).

- Feminicidio: o asasinato dunha muller a mans dun home por machismo ou misoxinia.

Fai referencia ao asasinato dunha muller polo feito de ser muller.

- Violencia vicaria: aquela violencia que se exerce sobre a muller co fin de causarlle o maior e máis grave dano psicolóxico a través de terceiras ou interpostas persoas, e que alcanza o seu grao máis elevado de crueldade co asasinato destas persoas (fillos e fillas, nais e pais, parella actual...).

Como se recolle na Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cada vez hai máis estudos, informes e xurisprudencia que recoñecen estes casos como violencia machista, toda vez que a única finalidade destes actos é causar o maior sufrimento á muller.

Considérase máis axeitada a antedita terminoloxía que os termos que se relacionan deseguido:

- Violencia doméstica, sintagma que se concretou para definir calquera tipo de violencia no ámbito familiar ou do fogar (pais contra fillos, fillos contra pais...). Pódeas exercer ou sufrir calquera membro da familia.

Remítenos á antiga interpretación de que a violencia contra as mulleres era unha cuestión privada e non constitutiva de delito. Ademais, hai que ter en conta que a violencia que se produce na contorna da familia pode non ser unha violencia machista (por exemplo, entre irmáns).

Por outro lado, a violencia machista, polo feito de ser unha vulneración dos dereitos humanos, está recoñecida como un problema que non é privado, senón social, e que ocorre tanto dentro como fóra do ámbito familiar.

- Violencia familiar ou violencia intrafamiliar, tamén relacionado co ámbito no que se produce e non exclusivamente coas ideas de desigualdade, superioridade ou poder.
- Violencia de parella, posto que a realidade social e legal advirte doutras parellas, non só de home-muller.
- Violencia masculina contra as súas mulleres, pola súa imprecisión e inexactitude.

3ª NON PRESENTACIÓN DAS AGRESIÓNS COMO SITUACIÓNS ILLADAS

As agresións que sofren as mulleres, sexan da natureza que sexan, non se deben presentar como situacións illadas. Trátase dunha realidade social que afecta unha alta porcentaxe de mulleres en todos os países do mundo. Por tanto, os medios públicos de comunicación de Galicia deben traballar coa guía de que a violencia machista non é un asunto privado e incidir nun desenvolvemento crecente da conciencia cidadá.

4ª NECESIDADE DE DESCARTAR AS DECLARACIÓNS E OS TERMOS QUE XUSTIFIQUEN OS FEITOS VIOLENTOS

Descartarase calquera declaración ou manifestación que:

- Tente xustificar ou desculpar os agresores, as agresións, as motivacións ou os feitos, relatando, por exemplo, as desavinzas na parella, recollendo opinións positivas sobre o agresor ou escusas para xustificar o feito violento (*Era moi bo, era un pouco celoso, tivo que ser un arrebatado, o asunto fôiselle das mans, foi un crime pasional, el consumía alcol ou drogas...*). Neste punto, é preciso ter en conta que contrastar datos ou versións sobre un feito, se as houber, non significa xustificalo. Trátase dunha cuestión fundamental da praxe xornalística. No entanto, é primordial actuar con cautela e responsabilidade para atopar o punto de equilibrio entre a protección máxima da vítima e o exercicio da profesión xornalística.
- Desacredite, descualifique ou desautorice a vítima.
- Sinala as mulleres como responsables dos feitos delituosos ou establezan unha relación de causa-efecto entre as decisións da muller e a agresión ou o asasinato (ela pedira o divorcio, ela retirara a denuncia, ía soa pola rúa).

Cómpre ter en conta que hai circunstancias que poden actuar como detonante, pero nunca son a causa. As causas atópanse no machismo e nun sistema patriarcal no cal existen relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Por esta razón, cada caso debe ser abordado en profundidade, facendo pedagogía e rexeitando a construción dun imaxinario perverso no que se xustifican as accións dos agresores e asasinados e as vítimas se converten en responsables.

5ª CUALIFICACIÓN DO PRESUNTO OU SUPOSTO AGRESOR ATA QUE NON HAXA UNHA SENTENZA FIRME

Ata que non haxa unha sentenza firme, os termos máis apropiados son: *presunto* ou *suposto agresor*, *presunto* ou *suposto homicida*, *presunto* ou *suposto criminal*, *presunto* ou *suposto autor*, *presunto* ou *suposto culpable*, *sospeitoso*, *arrestado*, *detido*, *acusado*.

Se no transcurso dos feitos, da investigación ou do proceso xudicial confesase a súa culpabilidade, o agresor tamén será *autor confeso*.

Mencionaranse as fontes informativas na narración (gubernamentais, policiais, xudiciais ou expertas).

6ª ESTABLECEMENTO DO DELITO EN SENTENZA FIRME

Só a sentenza firme establece o delito. Ata ese momento, os feitos son *presumibles*, *supostos* ou *conxecturables*. A súa descrición parte dunha fonte.

Unha vez se produza a acusación firme, poderanse ofrecer imaxes ou información do agresor, toda vez que poder identificalo ten unha función preventiva: evitar novas agresións e protexer eventuais novas vítimas.

7ª MENCIÓN Á VÍTIMA NA INFORMACIÓN

Para referirse á vítima, segundo os casos, recoméndase a utilización dos termos *muller*, *vítima*, *vítima mortal*, *maltratada*, *agredida*, *asasinada*.

En caso de que a vítima sexa menor de idade, non se ofrecerán imaxes nin datos persoais. Esta última prohibición é extensible ás vítimas con discapacidades que precisan de especial protección.

Deberase valorar en cada caso se se usa o nome propio da vítima (sen apelidos). En ningún caso se identificará polo seu nome se o feito de achegar esta información pode resultar prexudicial de calquera xeito para ela ou para os seus familiares e achegados.

É obrigado preservar a intimidade, a honra e a dignidade da vítima, polo que non se incluírán nas informacións os seus apelidos, a súa ocupación, o seu lugar de residencia ou outros datos de carácter persoal.

Calquera que fose a vida anterior dunha vítima non debe servir para culpabilizala, desacreditar o seu testemuño ou desculpar o agresor.

8ª RECURSOS E LINGUAXE

Na elaboración de novas sobre casos de violencia machista non se deben utilizar os recursos estéticos e a narrativa propios das reportaxes de sucesos.

Respectaranse sempre as decisións das vítimas se deciden ocultar a súa imaxe. Neste caso, deben evitarse aqueles recursos de ocultación que dean aparencia de criminalización: efecto mosaico, tiras en ollos, lentes escuras, disfraces, perrucas, distorsións da voz e demais artificios que as asemellen con delinquentes. Aconséllase utilizar outros medios de estética menos agresiva: contraluces, xogos de sombras, voces en off... En todo caso, o apoio gráfico da información debe respectar a dignidade da persoa.

A vítima non se pode amosar sen o seu permiso, como tampouco en momentos de tensión emocional. Nunca se deben utilizar sons ou imaxes roubados da vítima nin facer pública información que axude a identificala. Ademais, vulnerar o seu dereito á intimidade pode someter a súa vida á exposición pública, especialmente na súa contorna. Por tanto, só se divulgará a súa imaxe se é consentida e cun prudente afastamento profesional, pero non á calor dos feitos, senón cando recupere a autoestima e o equilibrio emocional. O permiso para utilizar imaxes persoais ou familiares respectará en todo caso o dereito á intimidade e á dignidade das persoas e non abrirá a porta ao morbo ou ao sensacionalismo.

Cando se trate dunha violación ou dunha agresión sexual, silenciárase por completo o nome da vítima. Só se indicarán detalles de referencia, coma a idade, impedindo que se poida recoñecer ou identificar o seu enderezo, lugar de traballo, centro no que estuda...

Así mesmo, cómpre reflexionar antes de mostrar a imaxe de vítimas mortais de malos tratos. Non se divulgarán imaxes de vítimas de malos tratos truculentas ou explícitas.

Os detalles na descrición do crime sobran. Pódese dicir como morreu (estrangulada, apuñalada, dun disparo...), pero non estenderse en pormenores e puntualizacións escabrosas.

Entre as imaxes que se poden utilizar para ilustrar os casos de violencia machista, recoméndase o emprego das máis actuais posibles ou de arquivo sobre manifestacións e concentracións contra a violencia machista; da prisión, do xulgado ou do cuartel nos que se atope o suposto agresor; gráficos e infografías de análises ou balance e imaxes de campañas institucionais actuais contra a violencia machista.

No caso de que o agresor sexa unha persoa famosa, non se deben utilizar imaxes positivas sobre a súa carreira profesional. É un agresor coma calquera outro.

Hai un suxeito da acción violenta, que é o home machista. Por esa razón, cómpre remarcar o suxeito da acción, o feito de que un home asasinou unha muller, e que sexa isto o que transcenda e se instale no imaxinario da sociedade, para que condene e repudie estas accións, para que identifique quen ten a responsabilidade e aumente a presión social.

Recoméndase fuxir de determinadas expresións (*a violencia de xénero cobra a vida de..., unha muller morre, unha muller aparece morta...*).

Débese evitar a utilización de adxectivos, frases feitas e tópicos que poidan implicar unha banalización dos contidos, así como calquera dato que desvíe a atención das verdadeiras causas da traxedia.

Os verbos e os substantivos fornecen información. Se fosen necesarios os adxectivos, débense utilizar os máis concretos, directos e simples, e sempre para amosar ou descubrir unha realidade, non para valorala.

Cómpre coidar a terminoloxía: a violencia machista non é un crime pasional nin tampouco unha lacra social. Este concepto remite á idea de que a violencia é o froito dun estado emocional e contribúe a un imaxinario falaz que agocha o machismo e as relacións de poder que os homes exercen contra as mulleres.

Tampouco se utilizarán expresións que dalgún xeito poidan desculpar os actos do agresor ou culpabilizar a vítima, nin desviar a atención cara a factores secundarios.

Nos casos de delitos sexuais, débese evitar unha linguaxe que minimize o feito, leve a malentendidos ou suxira consentimento.

Cómpre fuxir de tópicos, frivolidades e clixés. Recorrer a un vocabulario violento ou á enumeración de truculencias no texto desvíe a atención cara a aspectos colaterais do propio feito noticioso, equiparándoo implicitamente cun delito convencional.

A utilización dunha linguaxe violenta desvirtúa as razóns da agresión e a propia noticia. Expresións como *certeira puñalada, cadáver ensanguentado, cosida a coiteladas, había unha gran mancha de sangue...* dirixen a atención a aspectos colaterais, incompatibles cos motivos reais da agresión. En troques, débese apostar por unha linguaxe puramente informativa.

Relataranse os feitos coa sensibilidade debida e evitárase o tratamento desmesurado e alarmista, así como a espectacularización.

As frases de impacto inducen á frivolidade. Hai que tentar que a fluidez e a linguaxe coloquial non pervertan a información. Por exemplo, relacionar a violencia machista coa marxinalidade ou coa prostitución, aínda que sexa subrepticiamente, constituiría unha ofensa para as vítimas.

Débese evitar que a concisión da linguaxe e a brevidade dunha nova obrigue a unha síntese prexudicial para a claridade dun asunto complexo. Se non hai datos suficientes para unha peza, abonda cos feitos claros e contrastados dos que se dispoña nese momento. A información ampliarase en detalle cando se dispoña de máis elementos.

9ª URXENCIA E VERIFICACIÓN

Débese evitar que a análise da imaxe e dos testemuños, ou a necesidade dunha mínima investigación, se vexa afectada pola inmediatez.

Como medio adecuado para neutralizar as informacións incompletas ou nesgadas, a Corporación RTVG promoverá a formación.

Dende o principio, verificarase se se trata dun caso de violencia machista. De selo, na nova pódense incluír estatísticas ou balances, así como información sobre se existían denuncias previas ou medidas de protección en vigor e os recursos a disposición das vítimas (centros ou casas de acollida, liñas telefónicas...).

10ª DIFERENCIACIÓN DOS CASOS E ARQUIVO

Hai que superar o risco da rutina arredor dos malos tratos para evitar que todos os casos parezan iguais. Coa finalidade de eludir a repetición, a Corporación RTVG debe manter actualizado o seu arquivo para, a partir das gravacións que se depositaron nel, realizar unha selección coidadosa.

As noticias sobre a violencia machista, as sentenzas xudiciais e, en xeral, a información sobre o problema e as súas causas, sen obviar as posibles solucións, teñen que contribuír ao seu rexeitamento.

O xornalismo non pode incorrer en formulacións que narcoticen a audiencia, ante a que, ás veces, se presentan os feitos coas perigosas e burocratizadas fórmulas de *un novo caso de...*, *outra muller agredida por...*, *a violencia machista cobrou este ano a vida de...* Para evitalo, o traballo ten que virar sobre os aspectos particulares da historia cun formato adecuado a cada caso. Suxírese, tamén, achegar material de apoio que permita contextualizar a información, así como buscar ramificacións do problema: saídas, novos proxectos, campañas...

Os retrosos, as apostilas e a repetición de fórmulas recorrentes terminan por contaminar toda a información. Unha nova rutineira frustra o intento de alcanzar o obxectivo que se busca, que non é outro que contribuír ao rexeitamento da violencia machista.

A difusión continuada dese tipo de informacións pode xerar na audiencia un efecto narcotizante, entendido como un proceso de habituación ao feito sen telo en conta coa debida cautela e consideración.

Para evitalo, co propósito de facer ver cada caso como único e importante, pódense presentar formatos diferentes para cada noticia, centrándose en aspectos particulares de cada un deles. Pódese achegar material de apoio que permita contextualizar a información, así como buscar ramificacións do problema: saídas, novos proxectos, campañas...

11ª DRAMATISMO, SENSACIONALISMO E MORBO

Posto que a violencia machista non é un suceso convencional, rexeitarase o morbo, tanto no contido (redacción) coma nas formas (imaxes e sons), que non se pode confundir coa información, e menos co interese social.

Para evitar o sensacionalismo, débese realizar unha selección coidadosa do material audiovisual. Os detalles escabrosos ou a tensión emocional non forman parte do contido informativo, atentan contra a dignidade das persoas e incrementan o padecemento da vítima e dos seus familiares e achegados.

O tratamento informativo debe pór o foco na análise das causas estruturais e non nos detalles e/ou os pormenores do feito.

12ª AS FONTES

Deberase solicitar a información de fontes que permitan transmitir unha imaxe fiel da violencia que sofren as mulleres, obtendo os datos con cautela e analizándoos en profundidade.

A necesidade de protexer a intimidade da vítima, e a súa negativa para ser gravada ou efectuar declaracións, ás veces provoca un baleiro total de información básica. Neste caso recae en voceiros ou voceiras oficiais cuxa mensaxe é pouco atractiva, cinguida a un discurso legal ou administrativo e, en ocasións, interesada, e tamén en voceiros e voceiras da familia ou nos seus representantes legais.

Tamén cómpre buscar detalles próximos aos feitos, sen esquecer a importancia de evitar testemuños que xustifiquen o acto violento contra unha muller e a necesidade de preservar a intimidade e de procurar o anonimato da vítima. É necesario evitar as fontes da contorna familiar ou da veciñanza, por canto estas testemuñas carecen de valor informativo e só poden achegar detalles morbosos ou interesados.

A divulgación do testemuño dunha muller que conseguiu saír dunha situación de dominación e violencia converterase nunha mensaxe positiva e esperanzadora para outras mulleres maltratadas. Ademais, o seu testemuño garantirá o seguimento da información, como hai que facer en todos os casos para que as agresións non queden en feitos illados.

En función do que se expuxo, entre as fontes que achegan información e poden enriquecela, destacan:

- Forzas e corpos da seguridade e responsables da investigación.
- Testemuños de profesionais da avogacía, psicoloxía, psiquiatría..., que achegarán o seu punto de vista como tales.

- Persoas expertas na materia, responsables de asociacións de mulleres.
- Documentos do caso: antecedentes policiais ou xudiciais, ordes de afastamento, denuncias da vítima, asistencia que recibiu a vítima, incumprimentos das medidas que se adoptaron.
- Documentos xerais: sentenzas xudiciais, datos de organismos especializados en violencia contra as mulleres, campañas de información e prevención.

13ª ESTEREOTIPOS

Evitarase establecer unha relación directa de *causa-efecto* entre os feitos e a procedencia das persoas implicadas, a súa situación socioeconómica ou cultural ou calquera outra circunstancia persoal. A violencia machista dáse en todas as clases sociais e económicas.

Se se decide mencionar a nacionalidade da vítima e/ou do agresor, débese evitar facelo nos titulares ou no encabezamento da nova, relegando este dato ao seu corpo.

Non existe unha imaxe tipo da muller vítima da violencia machista. Calquera muller é susceptible de padecela, independentemente de factores tales coma a clase social, a formación, o traballo... Tampouco a violencia machista se asocia con condicións de pobreza, marxinalidade ou migración. Polo tanto, estes matices só achegarán información no caso de que a agresión garde relación, ademais de co xénero, co odio ao grupo ou minoría á que pertence a muller obxecto dos malos tratos. Tampouco existe un perfil recoñecido do agresor. Consecuentemente, é preferible que se evite destacar nos titulares características das vítimas que poidan contribuír a reforzar ideas estereotipadas.

Tamén é falsa a crenza de que as mulleres maltratadas non abandonan o agresor porque elas non queren. Débese divulgar que existen múltiples e complexas circunstancias polas que unha muller maltratada ten dificultades para abandonar a relación, e que poden ser de tipo emocional, social, económico, familiar...

Por outra parte, na descrición dos feitos o máis correcto é identificar as mulleres como suxeitos en si mesmas e non como persoas dependentes doutras (*esposa de, filla de, irmá de...*).

14ª ESTATÍSTICAS E DATOS COMPLEMENTARIOS

Cada entidade privada ou organismo público teñen as súas propias estatísticas e nelas pódense contemplar distintos tipos de delitos, ou aparecer agrupados, ou ben clasificados territorialmente, polo que cómpre cinguir cada cifra á súa tipoloxía concreta e vinculala claramente coa fonte informativa.

É conveniente mencionar o número de vítimas, pero tamén o de detidos e condenados. É necesario evitar o traslado da mensaxe de que as denuncias non serven, posto que desincentivarían outras mulleres a seguir ese camiño por entenderen que os finais dramáticos non se poden evitar.

Así mesmo, cabe agregar nunha noticia datos de interese, coma os que amosan algunhas das consecuencias penais dos feitos que se imputan. Exemplo: *no caso de que se confirme a autoría e os feitos, o presunto agresor enfróntase a unha pena de 14 a 20 anos de prisión e a unha indemnización próxima aos 200.000 €.* No que levamos de ano, doce homes foron condenados por delitos relacionados coa violencia machista en Galicia a máis de 200 anos de cárcere e ao pagamento de indemnizacións superiores aos 2.000.000 €.

15ª RADICACIÓN DAS NOVAS SOBRE MALOS TRATOS NAS ESCALETAS

Os casos de violencia machista non se deben abordar como un simple delito ou como un suceso convencional: cómpre outorgarlles prioridade na escaleta e desvinculalos das novas de sucesos.

Suxírese que, polo menos en titulares, se difunda a información estrita, sen abusar de adxectivos ou imaxes truculentas.

16ª INFORMACIÓN ÚTIL

Noticia é un asasinato machista, pero tamén o son as actuacións xudiciais ou policiais, os castigos exemplares ou as vítimas que lograron refacer a súa vida. É importante completar a información sobre as circunstancias que rodean cada caso, os antecedentes policiais ou xudiciais, os incumprimentos -se os hai- das medidas que se adoptaron ou a asistencia que recibiu a vítima, todo iso co obxectivo de alertar sobre os posibles riscos aos que se expoñen as mulleres.

Con todo, hai que ter en conta a influencia que sobre outras vítimas pode exercer un tratamento alarmista dos devanditos riscos, xa que diminuíría a súa confianza no apoio que poida recibir a súa denuncia.

Por outra banda, promover ou participar en campañas de información e prevención axuda a situar adecuadamente o problema.

17ª INVESTIGACIÓN

Deberase confirmar que é un caso de violencia machista antes de ofrecer a información como tal.

Nunca se prescindirá das fontes oficiais. As achegas dos corpos e forzas de seguridade, dos responsables de servizos de emerxencia, dos servizos sociais de protección ás vítimas e dos membros das corporacións locais, entre outras, clarifican, canalizan ou delimitan a noticia.

Tamén se buscará entre especialistas apuntamentos que complementen a información ou que xeren informacións relacionadas e sirvan para crear conciencia social (profesionais da socioloxía, da saúde, da avogacía, da fiscalía, da xudicatura, forenses.., cuxos testemuños poden enriquecer unha nova e achegar claves para o seu entendemento).

18ª CONTRASTE DAS NOVAS

Contrastarase a información e mencionarse a fonte, que debe ser directa e experta.

Non cabe facer interpretacións nun caso de violencia machista, que se debe elaborar cun vocabulario axeitado e rigoroso.

19ª DENUNCIAS E ORDES DE AFASTAMENTO

As informacións sobre as denuncias e as ordes de afastamento poden axudar a que denuncien outras mulleres que sofren a violencia machista.

20ª SERVIZO PÚBLICO

Á marxe de cada feito puntual, hai mulleres maltratadas que descoñecen o camiño que deben seguir para acabar coa súa situación, entre outras cousas porque moitas non recoñecen a situación de dominación que padecen como violencia. A elas tense que dirixir o medio público de comunicación audiovisual, cuxa responsabilidade é ofrecer información de servizo público.

Exemplos: mensaxes esperanzadoras de mulleres que superaron situacións traumáticas e que coas súas declaracións ofrecen vías para que outras superen unha situación similar; casos xulgados, informes de interese ou relevantes que publican organizacións, asociacións e entidades públicas e privadas; estudos de persoas implicadas na erradicación ou na persecución destes delitos; iniciativas que axuden as vítimas (mulleres e fillos e fillas)...

Convén introducir voces de expertas e expertos, profesionais de acreditado coñecemento, sobreviventes e organizacións feministas.

Do mesmo xeito, con carácter xeral, dentro do razoable exercicio xornalístico, tense que evitar darlles voz aos agresores ou aos seus representantes, especialmente se, ademais, a vítima non se pode defender para evitar, amais do agravio, o espectáculo mediático.

Cando sexa posible, complementarase as novas de actualidade con informacións relacionadas co feito informativo. Serán novas ou reportaxes coa finalidade de garantir o servizo público.

O tratamento informativo non se debe limitar aos feitos dramáticos, facendo protagonista a muller só en casos con final trágico. É máis beneficioso amosar casos de mulleres que puideron saír deste tipo de violencia, porque con iso se demostra que o problema se pode superar, animando así as vítimas para buscar axuda e posibles solucións. Pola contra, amosar imaxes de cadaleitos ou das escenas do crime só transmite unha imaxe de derrota, de fracaso, e podería alentar outros potenciais agresores. En lugar disto, o que debe percibir o agresor é temor, rexeitamento social, por iso tamén é moi útil mostrar imaxes dos recursos existentes para loitar contra a violencia, porque mostra que as vítimas non están soas, senón apoiadas pola sociedade.

A violencia machista non debe estar presente nos informativos unicamente cando existe unha agresión, senón que se debe informar tamén de todas as iniciativas en relación con este tema: campañas institucionais, proxectos formativos, campañas publicitarias, actuacións xudiciais ou policiais...

21ª CONTINUIDADE E SEGUIMENTO DOS CASOS

A violencia machista é un problema estrutural da sociedade, de modo que non hai por que esperar ao asasinato dunha muller para falar dela, nin tratar só o tema nos días contiguos a un crime. A magnitude do problema e as formas de superalo deben formar parte da axenda mediática.

O maior coñecemento propiciará unha maior sensibilización.

A continuidade da información dos casos de violencia machista tamén se fai imprescindible na loita contra esta realidade. Consecuentemente, hai que facer o seguimento dos casos de maior impacto, sobre todo cando a vítima conseguiu superar a súa situación, cando hai unha sentenza exemplar ou cando existe algún factor que engade un elemento positivo de singularidade.

22ª CONSECUENCIAS PENAIS

O compromiso coa erradicación da violencia machista esixe a divulgación das consecuencias penais das agresións para evidenciar o rexeitamento institucional e social cara a estas prácticas e contribuír a unha condena xeral contundente e explícita que conduza á destrución de calquera contorna permisiva cos agresores.

23ª RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE AS IMAXES

Cando se produce un crime con resultado de morte, cómpre facer unha escolma do material audiovisual e desestimar aquel que induza ao morbo, ao sensacionalismo e ao espectáculo.

A vítima, falecida ou non, mantén intacta a súa dignidade, polo que nunca se amosará o seu corpo. Se no transcurso dunha protesta contra unha morte ou unha agresión aparecen fotografías da vítima, ofreceranse eses planos como parte pública do acto.

Os planos serán xerais, de ambiente ou neutros (zona acordada, efectivos policiais, sanitarios e funerarios, grupos de veciños sen identificar...). Os planos detalle da caixa de correos ou do porteiro automático achegan pouco á información e poden socavar o dereito á intimidade da vítima e da familia. Evitaranse imaxes de sangue e da arma que se utilizou para cometer o crime. Os detalles contribúen a aumentar e agudizar os danos na familia e nos achegados, polo que os datos, aínda que sexan escasos, son suficientes para expor o problema. Cómpre desbotar imaxes actuais ou de arquivo que amosen danos físicos en mulleres.

O presunto agresor, se vai acompañado dos corpos e forzas de seguridade, está detido ou comparece perante un xuíz ou un tribunal, poderá aparecer na pantalla, aínda que en toda a información se garantirá a presunción de inocencia.

Se fosen necesarias máis imaxes, recoméndase a utilización dos seguintes recursos: anuncios televisivos e carteis que se editaron coa finalidade de erradicar a violencia machista, manifestacións de repulsa, xulgados de violencia de xénero, comisaría e unidades policiais específicas, prisións, formularios de denuncias, pulseiras telemáticas... Preferentemente, utilizaranse aquelas imaxes de manifestacións e actos de repulsa contra o episodio de violencia machista que se denuncie no momento.

Prohíbese a difusión do nome, da imaxe ou doutros datos que permitan a identificación dos menores no contexto de situacións nas que fosen vítimas da violencia machista en calquera das súas manifestacións.

24ª MONTAXE DAS NOVAS

Cómpre aplicar a máxima escrupulosidade na montaxe das novas. Coidarase o son ambiente. Amosarase o rexeitamento e a condena á violencia, pero evítanse os insultos.

25ª ANTECEDENTES

Sempre que sexa posible, a información débese situar dentro dun contexto (circunstancias, antecedentes, denuncias, incumprimentos, asistencia á vítima...). Neste caso, o obxectivo non é tanto a narración dun feito coma a información a quen poida acharse en situación de risco. Cómpre, polo tanto, informar sobre os recursos a disposición das vítimas e abordar o marco xeral da violencia machista con balances e estatísticas.

26ª DIFERENCIACIÓN ENTRE AGRESOR E VÍTIMA

Recoméndase difundir de forma clara quen é a vítima e quen é o agresor: unha muller non morreu, un home asasinou unha muller.

27ª MENORES

As persoas menores que se atopan nunha contorna de violencia machista posúen o recoñecemento legal de vítimas da violencia de xénero, polo que tamén terán a consideración e o tratamento de vítimas directas deste tipo de violencia nos medios de comunicación.

Son extensivas a elas todas as recomendacións de privacidade e trato relativas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, con especial coidado de non identificalas de ningún xeito debido á súa menor idade.

É importante pór o foco na situación de violencia á que se enfrontan as nenas. Segundo as persoas expertas, unha de cada tres nenas no mundo experimentará ao longo da súa vida algún tipo de violencia. A violencia no fogar, os abusos sexuais, o matrimonio infantil, a trata sexual, os denominados crimes de honor e a mutilación xenital son prácticas habituais sobre as que o xornalismo ten que informar e, ao tempo, concienciar e sensibilizar.

28ª O AGRESOR

A presunción de inocencia é un dereito fundamental que garante a toda persoa ser inocente ata que non se declare o contrario mediante unha sentenza xudicial firme.

Débese respectar a presunción de inocencia e, por tanto, extremar a cautela nesta cuestión, xa que un erro de identidade pode provocar consecuencias irreparables. Malia o que se expuxo, si é importante deixar claro quen é o agresor e quen a vítima e definir claramente como é o maltratador, porque iso pode servir para que moitas mulleres poidan tomar conciencia da súa situación de risco.

Ata que o caso non sexa xulgado e exista condena firme, utilizaranse termos como *acusado, investigado, encausado, procesado, detido por ou en relación con, suposto, probable, posible, hipotético, presunto culpable, presunto autor dos feitos ou autor confeso*.

A emisión de imaxes e doutros datos persoais do presunto agresor maior de idade sempre debe estar xustificada polo interese público que deriva da gravidade dos feitos e da súa repercusión.

Non se difundirán imaxes e outros datos persoais dos presuntos agresores menores de idade.

Con carácter xeral, non se ofrecerán declaracións de agresores sexuais ou maltratadores, agás no formato de reportaxe en profundidade para seren analizadas por persoas expertas.

Ademais, non se deberían emitir comentarios que xeren simpatía cara ao agresor nin que especulen sobre as súas intencións, motivacións ou sentimentos.

Se o agresor ten xa antecedentes policiais ou xudiciais por violencia, é importante comunicalo, co fin de sensibilizar e advertir contra este tipo de circunstancias.

Precisións terminolóxicas:

- Investigado

Persoa sometida a investigación pola súa relación cun delito. É, polo tanto, a persoa á que se lle atribúe a comisión do feito delituoso, ben sexa pola admisión a trámite dunha denuncia (denunciado) ou querela (querelado), ben pola remisión ao xulgado do atestado policial. Unha vez comece o proceso, dirixírase contra o investigado, dará comezo a fase instrutora e practicaranse as correspondentes dilixencias.

- Encausado

Persoa á que a autoridade xudicial, unha vez concluída a instrución da causa, lle imputa formalmente a súa participación na comisión dun feito delituoso concreto, porque os elementos que se recolleron durante a investigación previa o relacionan decididamente co delito perseguido.

Cando haxa unha acusación en firme, pódese publicar a imaxe do agresor, así como o seu nome e apelidos. Ten que ser a máis recente posible. A posibilidade de identificar os agresores é importante como función preventiva e tamén reparadora.

No caso de que o agresor perdese a vida na agresión, sexa por accidente ou por suicidio, non pode ser tratado como unha vítima.

Tampouco hai que amosar imaxes de éxitos pasados ou recoñecementos dos que foron obxecto os agresores.

29ª COMUNICACIÓN DAS CONSECUCENCIAS PARA OS AGRESORES

Non se trata de comunicar só as consecuencias penais, senón tamén o rexeitamento social que supón levar a cabo este tipo de accións contra as mulleres, coa finalidade de que potenciais agresores advirtan que tanto o sistema xudicial coma a cidadanía actúan con contundencia fronte á violencia machista.

30ª REXEITAMENTO SOCIAL

Convén informar dos actos de rexeitamento, das manifestacións e das concentracións de repulsa e da condena social que se realiza para que, por unha banda, os agresores sexan conscientes do rexeitamento social cara á violencia machista e, por outro lado, as mulleres perciban o apoio das institucións e da sociedade.

31ª INFORMACIÓN SOBRE COMO DETECTAR CONDUTAS DE MALOS TRATOS

Débese salientar a situación da agresión ao informar sobre o agresor. A atención non se debe centrar en aspectos da súa personalidade que tendan a xustificar a súa conduta, senón que debe ser identificado en canto ao seu comportamento para que outras posibles vítimas poidan identificar a figura dun maltratador.

Son moitas as persoas que non coñecen a profundidade do problema, pero tamén son moitas as mulleres que o sofren e están habituadas sen seren conscientes diso, sen esquecer as mozas, que, por descoñecemento, viven unha relación pouco sa. Por iso, é importante informar dos comportamentos, das actitudes e das pautas que seguen os agresores.

32ª NECESIDADE DE CREAR EMPATÍA COAS VÍTIMAS

As vítimas non son números nin simples estatísticas.

Cómpre empatizar en todo momento coa vítima, pórse no seu lugar e o da súa familia, respectando sempre a súa dignidade e intimidade.

Hai que ter en conta que os menores expostos á violencia machista contra as súas nais son tamén vítimas, polo que se debe facer alusión a este feito sempre que teñan descendencia.

33ª RESILIENCIA

Amosar que unha muller que sufriu violencia machista puido refacer a súa vida pode ter un efecto demostrativo para outras mulleres que a sofren, dar voz ás vítimas e, a partir do seu relato, cumprir unha función pedagóxica e alentadora.

Con todo, débese ter en conta que a responsabilidade de rematar coa violencia machista non é das vítimas, polo que cómpre ter especial coidado no tratamento informativo e nas campañas que se poidan desenvolver con esta intención e non se debe pór o foco nas vítimas cando se fala de *saír da violencia machista*.

34ª SEN PATERNALISMOS

Non se debe presentar a muller como unha persoa que require tutela, débil e vulnerable que se pode agredir ou, ao contrario, que se ten que protexer. Non podemos contribuír a esa infantilización, que supón afondar nun dos peores estereotipos de xénero. Polo tanto, cómpre fuxir de expresións como *íá soa* ou tópicos similares.

Nas entrevistas a vítimas da violencia machista, non se pode obviar que a violencia sexual está asociada con altos niveles de culpa e vergonza, polo que durante a conversa cómpre evitar o emprego dunha linguaxe que implique que a persoa afectada teña dalgún xeito responsabilidade no feito.

35ª RECONSTRUCCIÓN

Non é aconsellable o uso da reconstrución nos espazos informativos.

A fabulación dos feitos, unha recargada posta en escena ou a utilización de imaxes ficticias poden contribuír a crear un enfoque irreal do problema.

Tamén é arriscado o recurso de usar escenas cinematográficas como ilustración porque acentúan na audiencia a sensación de irrealidade. En caso necesario, pódese usar unha imaxe subxectiva de cámara para reconstruír os feitos a través dos seus escenarios, sen a referencia principal de ningún personaxe ou actor. Con todo, cando o recurso dunha montaxe de ficción sexa inevitable, é obrigatorio que, durante todo o tempo de aparición das imaxes en pantalla, figure o rótulo Reconstrución.

36ª CONTIDOS INFORMATIVOS PERIÓDICOS

É oportuna a difusión periódica de contidos informativos específicos sobre a violencia machista. Achegar información de como deben actuar, onde e con quen poden falar... será de grande axuda para quen non saiban como saír do círculo da violencia.

Ás veces este tipo de informacóns axudan a que as vítimas recoñezan o seu problema, pois en moitos casos estas cuestións están tan arraigadas culturalmente que se viven con normalidade, sen ser conscientes da súa verdadeira situación ante o agresor.

37ª OUTRAS ACCIÓN COMPLEMENTARIAS

É obrigado observar as recomendacións que emanen do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

A Corporación RTVG debe trasladar o apoio social que reciben as vítimas mediante a difusión de novas sobre mulleres que lograron librarse dos malos tratos e refixeron a súa vida. Nunha crónica sobre un caso dunha agresión machista débese engadir información útil e complementaria para as vítimas sobre recursos públicos como teléfonos de atención, centros de acollida, información xurídica, comisaría específicas e todo o que poida axudar a calquera muller fronte á violencia machista.

Débase contribuír a erradicar os estereotipos que lles atribúen ás mulleres valores e funcións sociais inferiores aos dos homes. En troques, cómpre amosar o seu papel no desenvolvemento cultural, político, económico e social.

Informarase do número de vítimas, pero tamén do número de denuncias efectivas, de detidos e de condenados no ano corrente ou en períodos máis extensos de tempo.

Na medida en que sexa posible, achegarse como dato a condena que leva aparelado calquera atentado ou agresión.

Informarase das sentenzas e profundarase naquelas que sexan exemplares ou engadan elementos singulares.

En todas as novas relacionadas coa violencia machista, inserirase na pantalla o número telefónico 016, que se pode completar coa comunicación electrónica ao 016-online@igualdad.gob.es. Así mesmo, pódese incluír o número telefónico 900 400 273 (gratuíto, confidencial, non se rexistra na factura, funciona as 24 horas do día dos 365 días e operativo dende calquera teléfono fixo ou móbil en toda a Comunidade Autónoma de Galicia).

38ª SÍNDROME DE ALIENACIÓN PARENTAL

Nas informacións non se debe facer referencia ao termo *Síndrome de Alienación Parental* (SAP), considerado pola Organización de Nacións Unidas como non científico e tan só ideolóxico. Baséase na concepción estereotipada dos roles e das condutas das mulleres. O Consello Xeral do Poder Xudicial recomenda non utilizar esta teoría, que considera *pseudocientífica* e que non recoñece ningunha asociación profesional ou científica.

39ª CENTROS E CASAS DE ACOLLIDA PARA A PROTECCIÓN DAS MULLERES

Pódense utilizar imaxes dos interiores de centros e casas de acollida para a protección das mulleres vítimas da violencia machista, pero nunca as que poidan identificar a localización se non é pública.

40ª RECTIFICACIÓN DE INFORMACIÓN INEXACTAS

A rectificación das informacións inexactas realizarase consonte o que se dispón na Lei orgánica 2/1984, do 24 de marzo, reguladora do dereito de rectificación.

41ª REXEITAMENTO DO DENOMINADO INFOESPECTÁCULO NOS PROGRAMAS DISTINTOS DOS PURAMENTE INFORMATIVOS

O denominado infoespectáculo (comentarios frívolos e conxecturas sobre calquera aspecto a través de testemuños banais, superfluos ou mesmo enganosos) xamais debe ter cabida nos programas non informativos da Corporación RTVG.